

## NOTA DE PRENSA

# Profesionais de psicoloxía xurídica afondan a súa formación no eido de reeducación de menores

---

*Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2015.-* Este sábado 28 de novembro o Colexio Oficial de Psicología de Galicia acolle unha actividade formativa que terá unha visión multidisciplinar sobre os menores infractores. O relator principal será o profesor da Universidade de Oviedo, Francisco Javier Rodríguez Díaz, especialista no estudo científico da conduta violenta e conflitiva en menores, así como na análise de estratexias de intervención desde o medio penitenciario e tamén no medio escolar desde unha perspectiva psicosocial, optimizadora e preventiva. Neste curso que se desenvolverá no Salón de Actos do Colexio, expoñerá as bases para unha intervención educativa do/a menor infractor.

A actividade formativa continuará cunha mesa redonda que ten como obxectivo ofrecer unha visión multidisciplinar o problema dos/as menores infractores/as. Nesta mesa redonda participarán como relatores, ademais do propio Francisco Javier Rodríguez Díaz, Juan Carlos Aladro, fiscal xefe provincial de Pontevedra; Juan Luis Basanta Dopico, do Equipo Técnico do Xulgado de Ourense e docente do curso tamén ofrecido pola Sección de Psicología Xurídica do COPG en 2014 sobre menores infractores/as; e Duarte Crestar Pena, director do CIEMA (Centro de Intervención Educativa en Medio Aberto) da Coruña.

A formación que ten por título "Psicología xurídica do menor: unha visión multidisciplinar" pretende complementar a formación que xa iniciou a sección no eido da intervención con mozos/as infractores/as para que ademais de dar a coñecer os principios teóricos e aplicados da psicoloxía xurídica do/a menor así como as bases da intervención educativa se realice unha análise da situación desde a perspectiva xurídica e psicolóxica e valorar as diferentes medidas así como a execución das mesmas.

Neste enlace pódese descargar **máis información** sobre as **Áreas de Intervención da Psicología Forense**:

[http://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/areas\\_de\\_intervencion\\_da\\_psicologia\\_forense\\_0.pdf](http://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/areas_de_intervencion_da_psicologia_forense_0.pdf)

**Saúdos,**

Eliana Martíns  
981 534 049 / 699 908 968 / [comunicacion@copgalicia.gal](mailto:comunicacion@copgalicia.gal)